



NOME

GRUPO

0. Expresión escrita / expresión matemática / presentación

1. i. Explicar que se entende por: plano cartesiano, variábel independente, variábel dependente e dominio dunha función.

ii. Dada a función $f(x) = \frac{4}{x+2}$, calcular o valor de $f(0)$, $f(-2)$, $f\left(\frac{1}{2}\right)$ e $f(-3)$.

iii. Estudar se existe algun valor de x tal que $f(x) = 5$.

iv. Estudar de forma razoada o dominio da función.

2. Responder de forma razoada se son certas ou falsas as seguintes afirmacións, aportando algun exemplo:




i. nunha función, a un valor da abscisa poden corresponder-lle varios valores da ordenada;

ii. nunha función, varios valores da abscisa poden corresponder-se con un mesmo valor da ordenada;




iii. para elaborar a táboa de valores dunha función linear é necesario dar-lle a X catro valores distintos;

iv. na representación gráfica dunha función, o valor de X representa-se no eixo vertical e o de Y no eixo horizontal..

3. Indicar de forma razoada, entre as seguintes gráficas, se existe algunha que non corresponda a unha función.



4. Identificar cada unha das seguintes gráficas cos distintos tipos de funcións (linear, afín e hiperbólica) e indicar os seus puntos de corte cos eixos, monotonia (crecemento e decrecemento) e extremos relativos (máximos e mínimos).



5. Un aparcamento cobra 2 € por aparcar o coche mais 0,5 € a maiores por cada hora. Elaborar unha táboa de valores que se recolla o importe que debemos pagar se permanecemos no aparcamento 0, 1, 2, 3, 4 e 5 h e obter unha función que se corresponda con esa táboa de valores. Indicar de que tipo de función se trata.

6. Elaborar unha táboa de valores para a función $f(x) = \frac{5}{4-2x}$ e representá-la graficamente comentando as súas características: dominio, puntos de corte cos eixos, monotonia e extremos).

x	y

